


Socialistas

MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DO CONCELLO DE CHANTADA SOBRE A RECADACIÓN DOS IMPOSTOS LOCAIS

De acordo e ó abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro (BOE do 22 de decembro), o Grupo Municipal Socialista do Concello de Chantada desexa someter á consideración do Pleno Municipal a seguinte **MOCIÓN**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Chantada, a partires do presente exercicio 2.016, acorda delegar nos Servicios de Recadación da Diputación Provincial a recadación dos impostos locais, IVTM IBI.

Descoñecemos cal foi o motivo polo que, no caso dos recibos do IVTM, postos xa o cobro na súa totalidade, o Concello non deu traslado os Servicios de Recadación Provinciales dos números de contas bancarias donde os recibos, con anterioridade, estaban domiciliados. Esta situación, ademáis de causar molestias innecesarias o contribuinte, por tir que volver a domiciliar de novo os recibos, en moitos casos xenerou recargos por ingreso fora de prazo ou ben falta de ingreso por descoñecemento da nova situación.

Por todo o anteriormente exposto, propónse ó Pleno Municipal a adopción dos seguintes:


ACORDOS

1º/ Que mediante Decreto da Alcaldía se devolva (ou non se cobre) o contribuinte o recargo por ingreso fora de prazo dos recibos do IVTM que estaban domiciliados no pasado exercicio 2.015, procedendo a súa devolución de oficio ou ben habilitando un modelo de formulario para a súa solicitude.

2º/ Velar porque esta situación non se repita no caso dos recibos do IBI que próximamente se poñeran o cobro, tendo en conta ademais que moitos titulares residen fora de Chantada.

3º/ Darlle a suficiente publicidade para que os titulares dos recibos poidan regularizar a situación ou domiciliar de novo de se-lo caso.

Chantada, 8 de setembro de 2016,


Asdo. Raquel López Rodríguez
Voceira do Grupo Municipal Socialista
Concello de Chantada